

## Creamos o "Itinerario do emprendedor"

Co título "Incorporación de xóvenes emprendedores á economía social e consolidación das cooperativas agroalimentarias de Galicia", iniciamos un novo proxecto a través do que se establecerán plans de acción e asesoramento personalizados para persoas mozas emprendedoras. Os proxectos empresariais deben focalizarse na posta en marcha de proxectos de economía social de nova creación ou na transformación doutras sociedades mercantís en empresas de economía social.

Persoal técnico especializado da Asociación atenderá e asesorará ás persoas emprendedoras durante cada etapa dos proxectos.

A iniciativa desenvólvese no marco da Confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES) e está cofinanciada polo Fondo Social Europeo e AGACA.

O "Itinerario do emprendedor" será unha especie de folia de ruta persoal que buscará a máxima eficiencia e complementariedade no uso dos recursos dispoñibles, especificando as actividades a desenvolver en cada etapa do proxecto, os prazos de execución e outros puntos clarificadores para acadar o éxito ante o obxectivo proposto, sempre contando co asesoramento dos profesionais da Asociación ás persoas que opten por iniciar unha actividade emprendedora no ámbito da economía social.

### Contexto

As persoas emprendedoras poden atopar na economía social un camiño interesante para enfocar os seus proxectos profesionais e inxerencias persoais, atopando unha vía de acceso ao emprego.

Os valores deste tipo de empresas comparten os retos e desafíos propios da sociedade actual, que demanda conciliación de vida familiar, persoal e laboral, aposta pola innovación, implicación no desenvolvemento social do contorno e defende o desenvolvemento sustentable.

As cooperativas forman parte da coñecida como "economía social", entendida como un conxunto de actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo entidades que perseguen o interese colectivo dos seus integrantes, o interese xeral económico ou social ou ambos os dous.



Unión Europea

Fondo Social Europeo

"El FSE invierte en tu futuro"




**Instrucciones para la cumplimentación:**

- Este anexo tendrá una extensión máxima de 16 páginas en caso de presentar un proyecto individual, y 20 páginas en caso de presentar un proyecto en partnershipo
- Características de la fuente: Fuente: Arial Narrow, Tamaño: 11, Interlineado: sencillo

**FORMULARIO A3.**  
**MEMORIA DEL PROYECTO**

Nº Expediente:

**Nombre del proyecto:**  
INCORPORACIÓN DE JÓVENES A LA ACTIVIDAD AGROGANADERA Y CONSOLIDACION DE LAS COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS DE GALICIA.

**Entidad solicitante:**  
Nombre o razón social:  Siglas:

**Características del proyecto:**

| Carácter del proyecto: | PROYECTO REGIONAL                   |                          | PROYECTO PLURIREGIONAL   |                          | Modalidad del proyecto: | PROYECTO INDIVIDUAL                 |                          | PROYECTO PARTENARIADO    |                          |
|------------------------|-------------------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|-------------------------|-------------------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
|                        | <input checked="" type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |                         | <input checked="" type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |




**Instrucciones para la cumplimentación:**

- Este anexo tendrá una extensión máxima de 16 páginas en caso de presentar un proyecto individual, y 20 páginas en caso de presentar un proyecto en partnershipo
- Características de la fuente: Fuente: Arial Narrow, Tamaño: 11, Interlineado: sencillo

**FORMULARIO A3.**  
**MEMORIA DEL PROYECTO**

Nº Expediente:

**Nombre del proyecto:**  
Mejora de la competitividad de las explotaciones de ganado vacuno de leche mediante asesoramiento para la reducción de la huella de carbono y la huella hídrica.

**Entidad solicitante:**  
Nombre o razón social:  Siglas:

**Características del proyecto:**

| Carácter del proyecto: | PROYECTO REGIONAL                   |                          | PROYECTO PLURIREGIONAL   |                          | Modalidad del proyecto: | PROYECTO INDIVIDUAL                 |                          | PROYECTO PARTENARIADO    |                          |
|------------------------|-------------------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|-------------------------|-------------------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
|                        | <input checked="" type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |                         | <input checked="" type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

O grave problema de envellecemento que padece a poboación do medio rural vese acentuado pola falta de incorporacións de persoas mozas á actividade agrogandeira. Cómpre revertir esta situación, xa que o regreso da mocidade ao campo axudaría a fixar poboación e xerar emprego e riqueza nas zonas rurais.

Neste punto, a figura das cooperativas agroalimentarias ten demostrado ser un mecanismo eficaz para atraer a persoas novas. Ofrecen servizos técnicos, subministran insumos, dan apoio financeiro, tramitan axudas, forman e informan.

*"Axúdase a conformar unha sociedade cooperativa dende os primeiros pasos e durante os primeiros anos de actividade, ofrecendo acompañamento e asesoramento personalizado"*

A través do "Itinerario do emprendedor", AGACA aposta polas persoas potencialmente emprendedoras co fin de promover grupos dinámicos que opten por poñer en marcha empresas cooperativas, axudando a conformar a sociedade cooperativa dende os primeiros pasos e durante os primeiros anos de actividade, ofrecendo un servizo de acompañamento e asesoramento personalizado.

## Etapas

Despois dunha primeira fase de recollida e resposta ás diversas consultas recibidas (que serán atendidas nun prazo máximo de 48 horas), defínirase un plan de asesoramento, comprendido dentro do "Itinerario", onde se presenta o proxecto e se identifican as fortalezas e debilidades do grupo, deséñase o modelo de negocio e realízase a planificación estratéxica e operativa.

**Aproveitamos este medio para facer chegar a todas as persoas interesadas e potenciais beneficiarias do asesoramento de AGACA, o convite a contactar connosco con calquera iniciativa emprendedora agroalimentaria e rural que desexe poñer en marcha no marco da economía social (cooperativas, sociedades agrarias de transformación...) para recibir, de xeito gratuíto, asesoramento e acompañamento ao longo da iniciativa.**

## Outros proxectos CEPES

No mesmo marco da CEPES, AGACA desenvolverá outros dous proxectos: "Incorporación de xóvenes á actividade agrogandeira e consolidación das cooperativas agroalimentarias de Galicia" e "Mellora da competitividade das explotacións de gando vacún de leite mediante asesoramento para a redución da pegada de carbono e a pegada hídrica".

A través da primeira iniciativa, os participantes recibirán a formación imprescindible para incorporarse á actividade de produción de vacún de leite, mellorando a súa cualificación como profesionais da gandería.

Terán lugar dúas accións formativas en tres localidades galegas tradicionalmente produtoras de leite de vacún: Rodeiro (Pontevedra), Melide (A Coruña) e Chantada (Lugo). A primeira: "Incorporación á explotación agraria, orientación vacún de leite" terá unha duración de 250 horas lectivas, e a segunda: "Aplicación /manipulación de produtos fitosanitarios", de 25 horas lectivas. Ambas as dúas contan coa homologación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Tendo en conta a importancia do impacto ambiental e económico da produción láctea en Galicia, o segundo proxecto aspira a que os produtores reduzan os impactos ambientais e as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) derivados dos consumos de auga e enerxía, fomentando as boas prácticas que axudan á súa redución.

Formaranse axentes de ecoinnovación para asesorar aos titulares de granxas de leite dun xeito individual; introducíranse boas prácticas para reducir os consumos de enerxía e auga e así, mellorar a competitividade das explotacións gandeiras, socias de cooperativas agrarias.

En definitiva, a análise pormenorizada das explotacións produtoras de leite a través da pegada de carbono e pegada hídrica permitirá obter unha modelización de consumos de auga e enerxía nas granxas. Ademais emitirase un informe diagnóstico individualizado proporcionando alternativas para reducir os custos produtivos diminuíndo os consumos de enerxía e auga.

As tres iniciativas permanecerán activas ata decembro de 2020.